

9 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para o primeiro curso e para o segundo curso da Educación Primaria os criterios de cualificación serán os seguintes:

- 50% Coñecementos adquiridos e manifestados mediante a participación en xogos, cancións,...
- 50% Actitudes exhibidas ó longo do curso

Para os demais cursos os criterios de cualificación varían un pouco quedando do seguinte modo:

- 60%Coñecementos adquiridos e manifestados mediante probas obxectivas, exercicios,.
- 30%Actitudes exhibidas ao longo do curso reflectidas na súa asistencia, puntualidade, participación e comportamento
- 10% Presentación límpia e ordenada en todos os exercicios requeridos polo mestre

10 CRITERIOS DE PROMOCIÓN

O alumno/a accederá ao curso ou etapa seguinte tendo en conta os seguintes criterios:

- Logrou os obxectivos que corresponden ao curso ou á etapa e alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.
- O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente a consideración á información ou criterio do profesor-titor.
- Considerarase de suma importancia un mínimo grao de consecución das competencias matemática e de comunicación lingüística; sempre tendo en conta as características madurativas e específicas do alumnado e as medidas adoptadas cos mesmos durante o curso

11 ESTRATEXIAS DE RECUPERACIÓN

Dado que a lingua inglesa ten unha avaliación continua ó longo do curso e la etapa de Educación primaria, para recuperala atenderemos as seguintes normas:

- Se un alumno/a suspende unha avaliación dun curso recuperarase aprobando a seguinte avaliación do mesmo curso.
- Se un alumno/a suspende o primeiro curso dun ciclo recuperará o curso aprobando a primeira avaliación do curso seguinte. Se un alumno/a suspende un ciclo recuperará o ciclo aprobando a primeira avaliación do primeiro curso do ciclo seguinte.

12 ATENCIÓN A DIVERSIDADE PRESENTE EN TODAS AS VARIABLES

Coma neste Centro contamos só con unha aula por curso, atopamos diferentes niveis dentro da mesma clase. Ademais contamos con un número elevado de alumnos estranxeiros que nunca tiveron contacto coa lingua inglesa, e que ou non entenden o castelán por ser de orixe brasileira ou non entenden o galego por vir de países coma Cuba, Arxentina, Chile,...

As medidas de atención a diversidade teñen que tomarse neste caso dentro da propia aula de varios xeitos: Adaptando os contidos para que a aprendizaxe sexa progresiva e nos se atopen de golpe con un muro infranqueable. Adaptando os exercicios e fichas de modo que podar ter o enunciado no idioma que entendan. Facendo exercicios de fichas de reforzo e repaso.